



"A XUVENTUDE NO MUNDO"



# PROGRAMA GALEGO de MOBILIDADE



XUNTA DE GALICIA

# NORMAS DE PARTICIPACIÓN NOS INTERCAMBIOS

O programa galego de mobilidade “A Xuventude no Mundo” pretende que os mozos/as de Galicia, poidan coñecer outras rexións e medios de vida diferentes aos que habitualmente están acostumbrados, relacionándose durante unha semana con mozos/as doutros contornos e sendo partícipes dunhas experiencias e coñecementos que se pretenden conseguir mediante unha educación non formal a través dos seguintes obxectivos:

## obxectivos

- Facilitar e potenciar a participación, o desenvolvemento persoal e a autonomía dos mozos/as que favorezan a toma de decisións na vida adulta.
- Aprendizaxe e cooperación entre mozos/as de diferentes rexións mediante a convivencia e a interacción.
- Coñecemento e ampliación doutras linguas e culturas.
- Eliminar prexuízos, potenciando a solidariedade, o voluntariado e a tolerancia.
- Comprensión da diversidade sociocultural.
- Concienciación da necesidade da protección permanente do medio natural.

## lugar de realización


- Arxentina, en Bos Aires.
- Hungría, en Hölloko e Budapest.
- Italia, en Cerdeña.
- Moldova, en Chisinau.
- Rusia, en San Petesburgo.
- Galicia, en Gandarío, Bergondo-Sada.
- Ucraína, en Sinferopol.





## información xeral


- O programa vai destinado aos mozos/as residentes en Galicia, que teñan entre 18 e 30 anos.
- O prazo de inscrición será o seguinte para cada intercambio:
  - *Arxentina, en Bos Aires: 18 de outubro ao 2 de novembro*
  - *Hungría, en Hölloko e Budapest: 18 de outubro ao 4 de novembro*
  - *Italia, en Cerdeña: 11 ao 19 de outubro*
  - *Moldova, en Chisinau: 14 ao 21 de outubro*
  - *Rusia, en San Petesburgo: 18 de outubro ao 2 de novembro*
  - *Galicia, en Gandarío, Bergondo, A Coruña: 18 de outubro ao 18 de novembro*
  - *Ucráína, en Sinferopol: 11 ao 14 de outubro*
- Para a admisión de participación será preciso o envío dun correo electrónico a dirección: [mobilidadexuvenil@xunta.es](mailto:mobilidadexuvenil@xunta.es), cos datos que se solicitan no formulario de inscrición que se atopa na páxina web da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado: [www.xuventude.net](http://www.xuventude.net)
- En cada intercambio admitiránse, as primeiras solicitudes que se envíen para este, sempre que se realice o ingreso da cota de participación na conta bancaria que se lles comunicará por correo electrónico. De non recibir a comunicación de admisión no prazo de 5 días, entenderase que non se obtivo a praza.
- Unicamente se devolverán os cartos ingresados nos casos de enfermidade ou accidente, sempre que se xustifique mediante a achega dun certificado oficial, asinado e selado pola autoridade competente.



# FORMULARIO DE SOLICITUDE



- Unha vez que se comunique por correo electrónico a admisión no programa, farase o ingreso nas 48h. seguintes , enviando o xustificante do ingreso por correo escaneado. De non facer o ingreso da cota de participación neste prazo quedaría anulada a solicitude e procederíase á admisión dos seguintes que se atoparan na lista de espera.
- A xustificación de posesión do Carné Xove farase mediante o envío da fotocopia por correo escaneado, no prazo de 48 horas desde a comunicación de admisión.
- A falta de datos ou de ser erróneos os facilitados na solicitude de participación, pode ocasionar a desestimación da solicitude.
- En cada intercambio tamén participará un coordinador polo grupo galego como interlocutor co grupo do país que se visitará.
- Só se admitirá unha solicitude de intercambio por persoa e unha máis de reserva.
- Só se poderá enviar unha solicitude de inscrición por correo electrónico.
- Os mozos/as que participaron na anterior edición do programa incluíranse na lista de reserva





## obtención do formulario



- O formulario de solicitude descargarase da páxina **xuventude.net** e remitirase por e-mail a: ***mobilidadexuvenil@xunta.es***

- O formulario será como o do exemplo seguinte:

### FORMULARIO DE SOLICITUDE

#### PROGRAMA GALEGO DE MOBILIDADE "A XUVENTUDE NO MUNDO"

Nome e apelidos \_\_\_\_\_ data de nacemento \_\_\_\_\_

DNI / NIE \_\_\_\_\_

Lugar de nacemento: \_\_\_\_\_

Enderezo actual: \_\_\_\_\_

Localidade: \_\_\_\_\_ Provincia \_\_\_\_\_

C.P.: \_\_\_\_\_

Teléfono de contacto: \_\_\_\_\_

Correo electrónico: \_\_\_\_\_

Intercambio solicitado:

1ª Opción: \_\_\_\_\_

2ª Opción: \_\_\_\_\_

Carné xove :

Si  
 Non

Algũa necesidade especial:

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

Solicito ser admitido/a no Programa galego de mobilidade "a xuventude no mundo", acepto as condicións do programa e comprométo-me a participar nas actividades que forman parte do intercambio solicitado.

, de de 2010

- Deberá ir obrigatoriamente con todos os campos cubertos.

# INTERCAMBIO EN BOS AIRES (República Arxentina)

- Prazo de inscrición: 18 de outubro ao 2 de novembro
- Temática: Xuventude e Emigración
- Datás de realización: 25 novembro 2 de decembro 2010
- Lugar de realización: Bos Aires. República Arxentina
- Participantes: 11 mozos/mozas de 18 a 30 anos
- Aloxamento: Hotel
- Organización de acollida: Sociedade parroquial de Vedra
- Acheга participante: 466,67 €uros  
Con carné Xove (25% desconto): 350 €uros

## obxectivos

- Comparar os hábitos, costumes e integración dos novos galegos descendentes de emigrantes con nativos en Arxentina.
- Dar a coñecer o medio en que viven os novos emigrantes e se existen prexuízos pola súa orixe ou descendencia nas relacións con outros mozos.
- Promover e fortalecer a comunicación, a tolerancia e o diálogo con base para un bo entendemento e convivencia entre os novos descendentes de galegos nados en Arxentina, os nativos deste país e os mozos residentes en Galicia.
- Xerar valores de respecto, confianza e solidariedade con poboación estranxeira, rexeitar calquera actitude xenófoba cara estes colectivos e fomentar aptitudes positivas na poboación de acollida tomando conciencia que todos somos iguais aínda que diferentes.
- Coñecer outra cultura e hábitos diferentes aos nosos e comparalos cos dos mozos de Galicia e resto de Europa.
- Vivir a experiencia de convivir cos novos emigrantes e descendentes destes para tomar verdadeira conciencia que todos somos iguais aínda que diferentes.
- Coñecer a historia e actividades dos centros galegos, como dinamizadores, aglutinadores e defensores da lingua e a cultura galega no exterior.




## información



## actividades

- Encontros con responsables de diferentes centros galegos e asociacións de emigrantes.
- Conferencias sobre a integración dos emigrantes e evolución dende a súa chegada ata a actualidade.
- Obradoiros con mozos e mozas sobre literatura, lingua, música e tradicións galegas.
- Encontros con autoridades públicas descendentes de emigrantes.
- Coñecemento dos principais lugares, monumentos, sitios históricos e relevantes da cidade de Bos Aires. ( O Obelisco, a Boca, Praza de Maio, Casa Rosada, El Cabildo, Teatro Colón, Caminito, barrio de San Telmo, La Recoleta, Porto Madeiro, El Tigre, etc).



# INTERCAMBIO EN HOLLÓKO e BUDAPEST (Hungría) &

- Prazo de Inscripción: 18 de outubro ao 4 de novembro
- Temática: Patrimonio cultural e natural de Hungría
- Datras de realización: 2 ao 9 de decembro 2010
- Lugar de realización: Hölloko e Budapest
- Participantes: 11 mozos/mozas de España e 6 de Hungría de 18 a 30 anos
- Aloxamento: Hotel
- Organización de acollida: Jó Palócok Egyesülete
- Achea participante: 300 €uros  
Con carné Xove (25% desconto): 225 €uros

## obxectivos




- Coñecer a riqueza de patrimonio húngaro, tanto o natural como o cultural.
- Comparar a vida dos mozos e mozas en lugares rurais e grandes cidades.
- Promover a igualdade de oportunidades e a cooperación europea.
- Promover a participación e inclusión de mozos e mozas con menos oportunidades.
- Fomentar a tolerancia entre os mozos e mozas de diferentes países e promover a cohesión social.







## información



## actividades

- Obradoiros, charlas e visitas específicas.
- Descubrimento do pequeno pobo de Hollóko, Patrimonio da Humanidade, coñecemento das tradicións do pobo Palóc, charlas sobre os modos de gardar a poboación nova nos pequenos pobos.
- Recepción ao alcalde do municipio.
- Visita a Ipolytarnóc, parque arqueolóxico. Este parque é un lugar único onde o barro petrificado conserva pegadas de animais prehistóricos e as plantas.
- Visita a Tokaj-Hegyalja, unha rexión vinícola histórica localizada no nordés de Hungría que foi declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.
- Visita a EGER, outro exemplo para a vida humana en harmonía coa natureza, a historia da cidade, viticultura e spas.
- En Budapest: encontro co deputado da rexión no parlamento húngaro, coñecemento da historia húngara.
- Percorrido polo Patrimonio da Humanidade da capital húngara: as ribeiras do Danubio, o barrio do castelo de Buda, e a avenida Andrásy.

# INTERCAMBIO EN CERDEÑA (Italia)

- Prazo de Inscripción: 11 ao 19 de outubro
- Temática: Arte cultura tradicións e folclore popular
- Datas de realización: : 2-9 novembro 2010
- Lugar de realización: Cerdeña, Italia
- Participantes: 9 mozos/as de 18/30 anos
- Aloxamento: Hotel
- Organización de acollida: Archivi del Sud
- Achega participante: 300 €uros  
Con carné Xove (25% desconto): 225 €uros.

## obxectivos

- Neste intercambio preténdese coñecer mellor as culturas de ambos os dous países participantes.
- O obxectivo principal é manter e desenvolver nos mozos o interese cara a arte, a cultura e o folclore.
- Demostrar o importante que é conservar as tradicións, a lingua propia da túa terra.
- Promover as actividades que poden ser realizadas no tempo libre dos mozos, mediante a educación non formal.
- Por medio dos encontros con representantes de asociacións intercambia- rase de opinións e compartir as experiencias sobre posibilidades de conservar as tradicións, a lingua, a arte etc. dun lugar non moi grande, pero cunha historia importante.
- Debater o tema de elección de idioma para ensinar nos colexios e universidades (idioma oficial e cooficial da zona).





## información



## actividades

- Visitas aos principais monumentos e sitios arqueolóxicos tales como:
  - Nuraghe Palmavera
  - Grotte di Nettuno
  - Museo arqueolóxico
- Contacto ao mundo de montaña- viaxe ao pobo Gavoi:
  - museo do carnaval
  - visita o pobo de Orgosolo:
  - os murais
- Presentación da cultura popular sarda e galega.
- Encontro con asociacións xuvenís, teatrais e musicais.
- Charla sobre a música popular. Manifestación musical Tumbarinos de Gavoi.
- Reunión con entidades culturais que se ocupan da salvagarda da lingua alégrese.
- Percorrido polo mercado, onde se pode escoitar a xente falar catalán.
- Actividades no Parque Natural.
- Viaxe á cidade de Sassari, percorrido polos principais sitios históricos da cidade.
- Encontro con autoridades locais municipais.
- Charla con técnicos municipais sobre as actividades locais que se desenvolven para fomentar a cultura tradicional e o folclore entre a poboación
- Obradoiro:
  - Cultura, lingua, folclore e tradicións populares:  
Similitudes e diferenzas.



# INTERCAMBIO EN CHISINAU (Moldova)

- Prazo de Inscripción: 14 ao 21 de outubro
- Temática: Patrimonio cultural: Valores comúns en culturas europeas
- Datras de realización: 14 ao 21 de novembro 2010
- Lugar de realización: Chisinau, Moldova.
- Participantes: 11 mozos/as de 18/30 anos
- Aloxamento: Hotel
- Organización de acollida: My Generation
- Achega participante: 400 €uros  
Con carné Xove (25% desconto): 300 €uros.

## obxectivos

- Posta en común dos valores culturais europeos.
- Promover, aprender e apreciar a propia cultura, e á vez valorar, respectar e aprender doutras.
- Facer posible a comprensión e interpretación da historia.
- Mediante charlas, obradoiros e interaccións entre os participantes definir os valores dos mozos de hoxe.
- No marco da globalización, comparar o desenvolvemento dos pobos de países participantes, atopar puntos en común.
- Contar as experiencias, compartir opinións sobre a temática.





## información



## actividades

- Percorridos pola cidade de Chisinau, visitando os puntos históricos e de máis interese da cidade:
    - Visita ao Parlamento, Pazo de Goberno, Concello e Liceo Miguel de Cervantes.
    - Parque Stefan cel Mare se Sfint, Xardín Botánico e Parque da Catedral.
    - Museo etnográfico, Museo Aleksandr Puskin, Gratiesti, Museo arqueolóxico Orheiul Vechi - século XIII
    - Mosteiro Capriana (ano 1420), Mosteiro rupestre Tipova (século XIII)
  - Obradoiros:
    - Culturas Europeas - valores comúns.
    - Debates sobre as culturas e tradicións dos países do leste.
  - Encontros cos representantes de organismos gobernamentais e ONGs:
    - Departamento de Educación, Xuventude e Deporte
    - ONG's "My Generation".
    - Centro cidadán de traballo creativo para os nenos e novos.
    - Ministerio de Cultura e Relacións Internacionais dos mozos.
    - ONG "Friendship Youth of Moldova". Centro Nacional dos mozos.
- Charlas e debates sobre valores e culturas dos pobos europeos: "Historia, Lingua e Literatura".

# INTERCAMBIO EN SAN PETESBURGO (Rusia)



- Prazo de Inscripción: 18 de outubro ao 2 de novembro
- Temática: Ocio e tempo libre
- Datras de realización: 9 ao 16 decembro 2010
- Lugar de realización: San Petersburgo, Rusia.
- Participantes: 10 mozos/mozas de 18 a 30 anos.
- Aloxamento: Hotel
- Organización de acollida: Young Europe
- Achega participante: 400 €uros  
Con carné Xove (25% desconto): 300 €uros.

## obxectivos

- O obxectivo principal deste intercambio é buscar unha correcta utilización do tempo libre.
- Por medio de visitas e percorridos polos principais lugares históricos e culturais dar a coñecer unha das moitas posibilidades de aprender no tempo libre.
- Mediante as charlas, encontros e visitas a asociacións e ONGs así como a organismos oficiais, descubrir e comparar as distintas maneiras de utilización do tempo libre, que favorecen a imaxinación e a creatividade a poboación nova e fomentan o desenvolvemento de capacidades e actitudes co fin de favorecer a autonomía persoal.
- Ensinar a valorar o ocio como un factor de equilibrio para lograr un desenvolvemento harmónico da personalidade.
- Motivar a mocidade para que empreguen axeitadamente o seu ocio e tempo libre, compartindo experiencias entre eles, facéndolles ver a importancia, para o seu crecemento persoal, do deporte, a lectura, a música, o voluntariado social, etc.
- Neste intercambio preténdese axudar os mozos a aprender a expresarse artisticamente, o que lles poderá axudar a prepararse mellor para a vida adulta.



## información



## actividades

- Encontro coas asociacións e ONGs, que se dedican a políticas xuvenís, unha das súas ocupacións é organizar o ocio da poboación nova.
- Reunión co presidente do Comité de San Petersburgo de Asuntos Xuvenís "O traballo que realiza o Comité no tema de ocio xuvenil"
- Visita á cidade de Peterghof, tal chamada "Venecia del Norte", antes residencia de verán dos tsares rusos. Tamén é a Cidade Universitaria.
- Encontro co alcalde de Peterghof: "Ocio da poboación nova na rexión de Peterghof".
- Encontro cos representantes do Modelo da ONU: xefes- organizadores e novos participantes do proxecto presentación do programa, obxectivos e experiencias.
- Visita a Kíkini Palati, que se atopa no mesmo centro de SanPetersburgo, no edificio, onde se aloxaba hai catro séculos a primeira exposición de Kunstcámara- museo, feito polo fundador de San Petersburgo, tsar Pedro I. Alí, Pedro I exhibía a súa colección de cousas raras (dentes, pelos, narices, embrións), que conseguía no seu tempo libre. Agora é o Conservatorio Musical- sitio de ocio novo.
- Visitas e percorridos polos máis importantes puntos históricos, que á parte de ser unhas obras de arte, realizan programas especiais para nenos e novos, así como para a xente xubilada, para que eles poidan aproveitar mellor o seu tempo libre e dar a coñecer mellor a arte (leccións, visitas guiadas, pero máis detalladas que unha excursión normal): Hermitage, Museo Ruso, Museo Etnográfico, Kunstcámara (museo actual), igrexas e catedrais.

# INTERCAMBIO EN SADA (Galicia)

- Prazo de Inscripción: 18 de outubro ao 18 de novembro
- Temática: Tradicións culturais: xuntos polos camiños
- Datas de realización: 2 ao 9 de decembro 2010
- Lugar de realización: Bergondo-Sada, Galicia
- Participantes: 13 mozos/mozas de Xapón e 8 de Galicia de 18 a 30 anos
- Aloxamento: Complexo Xuvenil As Mariñas- Bergondo-Sada
- Organización de acollida: Asociación Xuvenil Brigantium
- Achea participante:

Non ten cota de participación. Os participantes galegos terán que trasladarse polos seus propios medios ata o complexo. Os gastos de aloxamento, alimentación, actividades e traslados durante o intercambio están cubertos.

## obxectivos

- O Camiño Kumano e o Camiño de Santiago son as únicas rutas de peregrinación declaradas Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.

Con este intercambio preténdese:

- Dar a coñecer a nosa cultura e o Camiño de Santiago aos mozos xaponeses e viceversa.
- Fomentar e promover o coñecemento intercultural.
- Intercambiar opinións e debater sobre os problemas comúns da xuventude de ambas as dúas rexións.
- Establecer lazos de unión para aprofundar o coñecemento das dúas culturas, que, se ben parecen moi diferentes, contan cun nexo de unión mediante os dous camiños espirituais.





## información



## actividades

- Conferencia: As dúas únicas rutas de peregrinación declaradas Patrimonio da Humanidade.
- Mesa redonda: A importancia das culturas e tradicións.
- Encontro con mozos das distintas disciplinas orientais e artes marciais na Casa da Xuventude de Betanzos.
- Visita á Cidade dos Cabaleiros:
  - Recibimento polas Danzas Gremiais dos Mariñeiros.
  - Visita guiada pola zona histórica, Fundación do Centro Internacional da Estampa Contemporánea acompañados da banda municipal.
  - Percorrido polo Parque Enciclopédico do Pasatempo.
- Recepción oficial coas autoridades locais na Casa da Xuventude de Betanzos.
- Visita á cidade da Coruña:
  - Torre de Hércules,
  - Praza de María Pita,
  - A Mariña,
  - Castelo de Santo Antón e Paseo Marítimo.
- Zona histórica artística e percorrido do tramo final do Camiño de Santiago.
- Percorrido pola historia da cidade de Lugo: muralla, catedral...
- Visita ás instalacións dunha industria de aceiro en Betanzos.
- Explicación das actividades que se realizan para a xuventude en Galicia dende as diferentes administracións e asociacións xuvenís.

# INTERCAMBIO EN SINFEROPOL, CRIMEA (Ucraina)


- Prazo de Inscripción: 11 ao 14 de outubro
- Temática: Problemáticas xuvenís
- Datras de realización: 21 ao 28 de outubro 2010
- Lugar de realización: Sinferopol- Crimea, Ucraína
- Participantes: 11 mozos/as de 18/30 anos
- Aloxamento: Hotel
- Organización de acollida: Krmskaya Liga KVN
- Achega participante: 400 €uros  
Con carné Xove (25% desconto): 300 €uros

## obxectivos

- Neste intercambio preténdese crear un ambiente especial para que os mozos de distintos países poidan intercambiar ideas, impresións, experiencias, habilidades e estratexias sobre factores de risco xuvenís.
- Mediante as reunións cos representantes de asociacións locais, informar os mozos da realidade e a situación social na que viven os outros novos europeos.
- Coñecer e debater os seguintes riscos: desemprego xuvenil, a vivenda, e emancipación, adicións a drogas e alcohol, embarazos non desexados, condución non responsable.
- Analizar e expoñer a problemática do grao de consecución de emprego e de vivenda digna, formas de organización do ocio xuvenil, sistemas de información aos mozos, partindo da realidade dos mozos dos países participantes.
- A través de exposicións comúns, identificar os obstáculos para conseguir traballo e vivenda e coñecer e analizar as dificultades que xorden para unha autonomía persoal e a emancipación.
- Por medio do debate poder afondar e coñecer as problemáticas que afectan os mozos, así como un intercambio de pareceres, onde cada un deles achega ideas.



## información



## actividades

- Coñecemento da cidade de Sinferopol, a Sinagoga, Mesquita e Catedral.
- Exposición do proxecto de intercambio ás asociacións xuvenís locais.
- Debate sobre as semellanzas e diferenzas dos riscos na poboación xuvenil en Crimea e Galicia.
- Visita ao Museo Etnográfico.
- Mesa redonda: "O alcoholismo, as drogas e as súas consecuencias"
- Excursión a Sebastopol. (Base da Armada Rusa).
- Conferencia sobre as políticas, actividades e problemáticas xuvenís que existen en Crimea.
- Encontro na cidade de Yalta. Visita ao Pazo de Masandra, e ao Pazo Livaniya onde se asinaron os acordos de paz da II Guerra Mundial.
- Coñecemento do Centro Xuvenil Artek.
- Audiencia cos responsables de Xuventude do Goberno Autónomo de Crimea. Exposición do proxecto de intercambio.
- Visita ao Mosteiro e ao Pazo de Bachisaray.



**xuventude.net**

Para máis información:

[www.xuventude.net](http://www.xuventude.net)

Tlf: 981 541 689

981 541 688

981 545 822

[mobilidadexuvenil@xunta.es](mailto:mobilidadexuvenil@xunta.es)



XACOBEO 2010  
Galicia



XUNTA  
DE GALICIA